Saúde, compañeiras. Son Javi, de Pontevedra, e escríbovos porque ao ver o cartaz da vosa próxima Feira do Libro Anarquista en Vigo (por certo, parabéns pola iniciativa) observei que entre os coletivos asistentes figura a editorial La Rosa Negra. Este coletivo e a persoa ao frente do mesmo, Dani, é un agresor e maltratador reincidente. Foi sinalado e denunciado públicamente en varios espazos hai uns anos, e lonxe de recoñecer o dano causado e comprometerse cun traballo de reparación e pedagoxía, optou por mallar a ostias tamén a 2 compañeiros anarquistas que formaban parte do grupo de apoio da súa vítima. No caso dun deles, Dani trasladouse dende Madrid ata Valencia, facéndose pasar por unha persoa interesada en participar na Mostra del Llibre Anarquista (a feira do libro anarquista valenciana) sabendo que o seu obxectivo formaba parte da organización da mesma, para agardalo nos arredores do lugar acordado para a asemblea e darlle unha malleira en canto o viu aparecer. Ao outro compañeiro agrediuno dentro dun CSO de Madrid. Estas non son acusacións infundadas, senón que parten de vivencias verificadas por persoas ás que coñezo de perto. Así, La Rosa Negra foi vetada de diferentes eventos, como a Feria del Libro Anarquista de Madrid, a Mostra del Llibre Anarquista de Valencia, a Feria do Libro Anarquista de Santander, ou aquí na Galiza na Feira do Libro Anarquista celebrada anos atrás na Guarda ou na Feira do Libro Anarquista organizada por Refuxios da Memoria na Coruña. Na outra feira celebrada na Coruña (Encontro do Libro Anarquista, organizado pola Unión AnarcoSindicalista) si participou o ano pasado (por descoñecemento desta info) protagonizando tamén incidentes na mesma...

Gustaríame pedirvos que consideredes esta información e se precisades máis info ou referencias máis concretas, podedes pedilas. Polo momento, velaquí algúns enlaces de interese:

- Comunicado feito público despois de que Dani se anticipara á posible saída á luz das súas agresións e fixera circular un comunicado inicial tentando desacreditar e descalificar ás persoas que acompañaban á vítima: https://vozcomoarma.noblogs.org/?p=19372 (marzo 2018)

- Comunicado respostando á difusión manipulada dun texto privado por parte de Dani e os seus cómplices en Madrid: https://vozcomoarma.noblogs.org/files/2018/10/En-respuesta-a-la-difusi%C3%B3n-y-la-re-edici%C3%B3n-del-texto-titulado-Acerca-de-las-agresiones-machistas-de-La-Juli%E2%80%9D.pdf

Son consciente, como moites outres compañeires, das contradiccións e dilemas que plantea a ferramenta do "comunicado" e a exposición pública. Con todo, neste caso non houbo alternativas para alertar a coletivos doutras zonas do estado e prevenir sobre o perigo desta persoa, que como comentei, non amosou ningunha disposición a rectificar nin a cambiar de comportamento, e limitouse a pegar, ameazar e acosar ás persoas que non calaban.

Tras varios anos na sombra, totalmente en silencio, sabemos que está tratando de recuperar a súa cabida en espazos antiautoritarios/anarquistas, aproveitándose de coletivas e organizacións que poidan non saber, ou ter esquecido por un relevo, os seus antecedentes de violencia machista e interpersoal. Por iso penso/pensamos que é importante volver lembrar todo isto e insistir en que NON ESTÁ RESOLTO.

Grazas e quedo á vosa disposición. Saúde e anarquía.